

O APUPO



Año II - N.º 2 - Abril 2002.

BOLETÍN INFORMATIVO DA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA

fgcmgalicia@mixmail.com

SUMARIO

ESCOLA DE VELA TRADICIONAL DA ILLA DE AROUSA

unha tarde co director, Uxío Allos.

S.O.S. PESQUEIRO BERNARDO ALFAGEME

BARCOS DO NORTE

Nova Asociación do norte de Portugal

ESPECIAL RECUPERACIÓN DE EMBARCACIÓNIS TRADICIONAIS.

Unha asinatura pendente

ADXÚNTAXE O CALENDARIO DE ACTIVIDADES DA
FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA

FOTO: Rosa G.

ESCOLA DE VELA TRADICIONAL DA ILLA DE AROUSA

Unha tarde co director



FOTO: Rosa G.

Obradoiro de Carpintería na Fábrica de Godoy

“Onde vai que principiamos o curso na “Escola de Navegación e Aparellamento de Embarcacións tradicionais”, dependente da Asociación Cultural e Deportiva Dorna, da Illa de Arousa”

Nos meses de febreiro e marzo organizáronse obradoiros sobre os coidados dunha dorna, aparellamento, confeción de velas de relinga, corte do traxe de augas. Estas actividades impartíronse na “Fabrica Vella”, pois así lle chaman na Arousa á Fábrica de Godoy, fundada en 1867 e adicada á salazón do peixe e logo conserveira que pechou fai 50 anos facendo enlatados de alcríquies. Hoxe o Concello da Illa negocia cos herdeiros de Godoy o proxecto dun futuro museo do mar, onde poder amosar as diferentes tipoloxías de embarcacións tradicionais da ría, xunto coa herdanza das propias instalacións da fábrica que conta cunha das primeiras máquinas de vapor que chegaron á Ría de Arousa.

No obradoiro de carpintería de ribeira estívose a rascar e carenar con brea e xofre; tamén as veces houbo algúin golpe ou rabuño que reparar nalgúnha embarcación e mesmo axustar ben tódolos aparellos. Ademáis, a Escola faise cargo de dornas cedidas por particulares para as actividades de navegación a vela, isto leva consigo un mundo de traballos: quitar o taco do motor e facer de novo o pau máis a súa fura, carro, cornamusas, cepo, agulla, pa, cana, ferros... Co dono da embarcación firmase un documento de cesión onde este queda obrigado a avisar con 6 meses de antelación se quere recuperar a

embarcación para si.

De todo esto, e moitas cousas máis, estivemos a falar unha tarde, de vagar e cunhas cuncas diante, co director da Escola Uxio Allos.

¿Cánto tempo ten de vida unha dorna?

Tanto tempo como cariño lle des. Esta dorna que ves eiquí, que é a miña, si lle pos tanto cariño como lle poño eu durache toda a vida.

¿Cando comenzástedes este curso a navegación e cantas dornas ten a Escola?

O 26 de marzo escomenzamos a navegación contando a Escola con 20 dornas para os cursos, estas cédense para participar nas regatas e travesías.

Se algún alumno quere seguir a navegar fora do curso ten a posibilidade do aluguer de dornas de luns a venres (xa que os fins de semanas as dornas teñen que estar a disposición das actividades organizadas pola Cultural Dorna). Temos tamén dornas de segunda man ofertadas en venda.

¿Quén pode participar nestes cursos?

Estamos abertos a todo o mundo, rapaces e vellos, para iniciarse na vela tradicional ou sacarlle o máximo rendemento nas regatas. Queremos transmitirlle o amor pola dorna ós más novos, e que logo decidan de por si o qué tirar e o qué gardar. Os dorneiros más novos da Illa, Sergio e Salva, contan con 7 anos. Mais na Escola matricúlanse os rapaces a partir dos 12 anos. Se temos éxito ou non ¡ha se ver!; de 14 rapaces do ano pasado, 8 anotáronse de novo.

¿Cal é a próxima actividade que ides facer?

O 17 de maio, día das Letras Galegas celebrarase a “I TRAVESÍA XUVENIL”. A bordo de cada embarcación irán 2 rapaces (nenos e nenas) cun patrón (que serán as/los monitoras/es), estase a contar con 60 cativos, máis todo isto, se nos acompaña o tempo.

ASOCIACIÓN CULTURAL

DORNA

Tel. 699 290 088

Rua con do moucho nº 1

www.interbook.net.empresas-arousa



Confección da Vela tradicional de relinga

FOTO: Rosa G.

S.O.S. PESQUEIRO ALFAGEME

No mes de xaneiro do 2000 a Asociación de Mariñeiros "SAN MIGUEL DE BOUZAS" ten noticias de que no desgüe de barcos atópase o "Bernardo Alfageme" un pesqueiro construído en chapa nos astelos vigueses de Barreras no ano 1944. O barco tiña bastante ferrín, pero a súa estructura e motores estaban en perfectas condicións xa que estivera faenando ata uns días antes. O pesqueiro, pola data de construcción, características da mesma, fasquía, astelero no que se fixo, armador, grupo pesqueiro no que traballara, etc., representa unha parte da historia da Ría de Vigo, en particular, e de Galicia en xeral.

Gracias á movilización dos colectivos que estamos a traballar na recuperación da cultura mariñeira, encabezados pola Asociación de Mariñeiros de Bouzas conseguiuse que o Pleno do Concello de Vigo do 27 de marzo do 2000, aceptara por unanimidade a doazón do buque, pasando a formar parte do inventario de bens do municipio, conseguindo deste xeito que o Ministerio de Pesca aceptase revocar a orden (xa tramitada) de desgüace pola autorización para a súa conservación con fins culturais. Parecía que se rachaba a traxectoria de destrucción sistemática de embarcacións con valor histórico na ría.

Nembargantes, no mes de xaneiro do presente ano, a Concelleira de Patrimonio Histórico anunciaba que ía iniciar de novo o expediente de desgüace diante da falla de apoios institucionais para a conservación e conversión do Bernardo Alfageme nunha AULA DE INTERPRETACIÓN DA PESCA DA RÍA DE VIGO. Especialmente queixábase a Concelleira da falla de colaboración, especialmente da Autoridade Portuaria para facilitar un sitio onde ubicar o barco, pola súa parte o Porto dixo nos medios de comunicación que sitio se lle podería atopar pero falla por determinar quen se faría cargo dos gastos que xenere a embarcación funcionando como Aula da Pesca.

Esta situación prodúcese nunha cidade que ten a gala ser o primeiro porto pesqueiro do mundo, ou de nacer e medrar a partires do mar. Podemos pertencer a Comunidade Económica Europea, pero aínda nos queda para pensar como europeos. Os que estamos comprometidos coa conservación do patrimonio marítimo sabemos que a situación pola que pasa o Alfageme estaría arranxada de inmediato en calquera outro país da nosa órbita atlántica, dende Portugal ós Países Escandinavos. A súa mentalidade europea permitelles ver que a posta en valor do patrimonio marítimo é unha cuestión prioritaria (e experiencias hai de abondo): por razones turísticas (ós turistas amáis do sol tamén lles interesa a vida e a historia dos pobos mariñeiros), por razones de identificación dos cidadáns cos seus sinais de identidade, por razones educativas cara as novas xeneracións, como recoñecemento do labor que realizaron os homes e mulleres que traballaron e traballan nun sector que é pilar básico na economía da cidade.

A Federación de Asociacións de Veciños de Vigo "Eduardo Chao", entendeu que é unha obriga desta Federación loitar na

defensa dun elemento do patrimonio histórico como é o Alfageme. Amáis, e diante da falla dun liderazgo na cidade para asumir un proxecto conservacionista do patrimonio marítimo na ría de Vigo, que aglutine o esforzo de institucións públicas e empresas dos sectores relacionados co mar, está a promover entre as institucións e empresarios más concienciados a creación dunha fundación que ten como obxectivo común:

Evitar nun primeiro momento que continue a destrucción do patrimonio histórico-marítimo da Ría de Vigo, e nun segundo momento traballar pola súa conservación e difusión.

A conservación do Alfageme, no contexto de creación dun PANTALÁN DE BARCOS HISTÓRICOS entraría nas labores prioritarias desta fundación.

A Federación Veciñal está seguindo os seguintes pasos:

-Redactou un documento cunha "PROPOSTA DE ACTUACIONES BÁSICAS CARA A CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO MARÍTIMO DA RÍA DE VIGO". Este documento recolle, en boa parte, propostas que no seu momento xa fixeron a Asociación de Mariñeiros de Bouzas e o Concello de Vigo. O documento como elemento de información e sensibilización está a ser repartido entre representantes de institucións e empresarios relacionados co mundo do mar.

-Entrevista coa Concelleira de Patrimonio Histórico (que xa hai dous anos iniciara os traballos de conservación do Alfageme e de constitución da fundación).

-Entrevista co Delegado de Zona Franca (considera que o Museo

do Mar aínda non está en condicións de asumir o liderazgo do que estamos a falar, pero si participaría económicaamente nun proxecto deste tipo).

A PESARES DE TER REVOCADA A ORDE DE DESGÜACE, O BARCO AÍNDA NON ESTÁ A SALVO POLA FALLA DE APOIOS INSTITUCIONAIS

-Dende hai dous meses solicitouse en diferentes ocasións unha entrevista co Presidente da Autoridade Portuaria (peza clave para ubicar o Pantalán de Buques Históricos, unha das propostas que recolle o documento), sin que polo de agora fora posible.



-No momento de imprimirse este boletín se están preparando unha rolda de prensa para presentar públicamente o documento, así como entrevistas con empresarios, preparación dunhas xornadas sobre a protección do patrimonio marítimo cun fondo reivindicativo a prol do Bernardo Alfageme, etc..



BARCOS DO NORTE

Unha nova Asociación

O interés da FGCM polo patrimonio marítimo non se limita ás costas entre o Miño e o río Eo, xa dende hai moitos anos vimos mantendo estreitas relacións con asociacións e persoas do norte de Portugal que teñen as mesmas inquedanzas que nos. Entre estas persoas hai que salientar a Joao Baptista e Ivon Baptista de Magallanes, vellos amigos que podemos atoparnos coas súas embarcacións nos diferentes "encontros" que o longo do verán organizamos en Galicia. Eles son os promotores de BARCOS DO NORTE, asociación creada en setembro do 2001. Entre os seus obxectivos destacan a defensa, divulgación e preservación do patrimonio marítimo nas súas diferentes vertientes, coa participación en conferencias,



publicacións de estudos, recollidas documentais, exposicións... No momento actual están a recuperar unha "maseira de Montedor-Carrezo" e están a construir unha réplica dessa mesma embarcación para a posterior participación en vindeiros encontros.

Outra das actividades que están a preparar neste momento é unha exposición fotográfica sobre os barcos do río Lima para presentala onde sexa solicitada.

O estudio da arqueoloxía naval e subacuática e outro dos obxectivos que leva a cabo "Barcos do Norte".

Se queredes contactar con eles:

E mail.Barcoantigo@hotmail.com

APUNTES

Como podes comprobar, O APUPO a partir deste número vaise imprimir en papel reciclado. A suma de pequenos esforzos é unha gran axuda na conservación do medio ambiente.

As fotografías da nosa colaboradora Rosa G. que incluímos neste Apupo foron realizadas empregando unhas técnicas antigas que xa non se usan. Rosa está realizando un traballo de recuperación e conservación desas técnicas.

EDITA:

FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA

Casa da Cultura r/ Nova n.º 4 - 36630 Cambados

Teléfono 986 753 412

E-mail: fgcmgalicia@mixmail.com

COLABORADORES:

Rosa G., Jabuchi, Xabier Trepot e Víctor Fernández

DESEÑO e MAQUETACIÓN:

Lalo

A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA (FGCM) é unha institución creada en 1993 que reune a diferentes colectivos, clubes deportivos e asociacións culturais interesadas pola cultura do mar. O obxectivo principal da FGCM é concienciar e espallar a nosa cultura marítima mediante a defensa, investigación, recuperación e conservación do Patrimonio Marítimo de Galicia.

Especial RECUPERACIÓN DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS



FOTO: Rosa G.

Asteleiro na Banda do Río, en Bueu

En Galicia, nos nosos días, falar de embarcacións tradicionais en uso é falar case sempre de dornas e gamelas, cecais porque son as únicas tipoloxías de barcos que áinda se siguen utilizando para traballar na pesca artesanal.

Unha cuestión pendente do patrimonio marítimo galego era a recuperación das vellas embarcacións xa desaparecidas e que foron o eixo da pesca, do comercio e o transporte nas rías ata fai 50 anos. Parece que esta débeda comenza a saldarse porque 3 galeóns, un trinado, unha buceta e un bote polbeiro navegarán a toda vela polas rías galegas no presente ano. Sin esquecer os labores de restauración que se están a facer no único barco a vapor que nos queda en Galicia. Nuns casos, ó igual que no Hidria, trátase de restauracións, noutras de novas construcións.



FOTO: Rosa G.

Bote polbeiro "Os Galos"

DATOS TÉCNICOS

Nome	"Os Galos"
Eslora	5,90m
Manga	2,45m
Puntal	0,80m
Desplazamento	585 Kg
Velamen	30m ²

OS GALOS Novo bote polbeiro.


O vindeiro día 27 de abril, sábado, ás 12 da mañán, na rampa de varada do porto de Bueu, estades todos convidados á botadura do bote polbeiro OS GALOS. Construído nos asteleiros Purros, na Banda do Rio, polos carpinteiros Manuel González "Purro" e Benito, o primeiro fillo do señor Martín quen con Lito Silveira, fundaron a Escola de Carpintería de Ribeira de Bueu. Hoxe córrese o risco da perda deste asteleiro por mor da construción dun futuro paseo marítimo promovido polo Concello. (Pensamos que a conservación desta carpintería de ribeira e a súa integración no paseo daríalle máis valor a éste).

Este bote xeiteiro ou do bou é de construción a tope, herdeiro e exemplo vivo dunha tipoloxía máis arcaica, máis manguda, da lancha de relinga. O mastro de madeira de piñeiro, é inferior á eslora do bote. Arma unha verga de 7,50m para unha vela guaira, tamén chamada de pico ou mística cosida polo mestre veleiro Ramonet, áñda que estas embarcacións usaron a vela latina ata os anos 30 do século pasado.

A financiación do bote correu a cargo da Consellería de Pesca, o Concello de Bueu e a propia asociación Amigos das Embarcacións Tradicionais "OS GALOS".

Segundo a nova lexislación, toda obra nova precisa do proxecto dun enseñiero naval, pero neste caso non o necesitaron alegando diante da Dirección Xeral da Mariña Mercante, que os costes desta partida (150.000 pts.) impedían realizar a obra. Por elo e basándose no Real Decreto 1837/2000, que no artigo 7 permite unhas disposicións alternativas que garantan un nivel equivalente de seguridade e votando man do antigo formulario das Capitanías Marítimas poideron evitar ese trámite.

NUEVA SOFIA, galeón de Arousa



Restauración do "Nuevo Sofía" no Asteleiro de Marcelino Galiñanes

No asteleiro do carpinteiro Marcelino Galiñanes Fernández, sito en Portomeloxo (O Grove), e por iniciativa do Grupo de Investigación Etnográfico Mascato e a Asociación Náutica Ravandeira, estase a recuperar o galeón "Nueva Sofía", construído como balandro en Rianxo no ano 1948 e reconvertido en bateeiro no Grove ata hai uns anos. É un típico galeón arousán, de cativo calado con leme de dúas posicións para apurar os baixos da ría e arriar ben á costa.

Esta embarcación trasladarase a Vilanova, futuro porto base, no mes de maio unha vez rematados os traballos no asteleiro. Esta primeira fase foi financiada polas dúas asociacións con axudas do Concello, empresas privadas do Salnés. A Consellería de Pesca, a través das axudas para a recuperación de embarcacións tradicionais, financiou o acondicionamento dos interiores, o velamen e a xarcia de cáñamo.

O "Nueva Sofía" renace para dinamizar futuras propostas museísticas do Grove, Dena, Castrelo e desenrolar modelos como os das "Classes Patrimoine" Bretonas, que

con roteiros marítimos dentro da ría, que den acceso a itinerarios terrestres, permitan a aprendizaxe das técnicas da navegación tradicional ó tempo que de historia, xeografía, medio ambiente, economía, toponimia,... Posto que o patrimonio arousán: embarcacións, sinais, peiraos, fachos, fábricas de salga, telleiras, artes de pesca,... faino posible.

A FANEQUEIRA

Buceta da Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos "San Miguel de Bouzas"

Esta Asociación sociocultural vinculada ás tradicións mariñeiras e a súa recuperación nos aspectos folclóricos, etnográficos e deportivos, está implicada nun proxecto a longo plazo, consistente en facerse coas embarcacións más representativas de cada zona costeira de Galicia. Xa contan cunha traínera, unha dorna e agora están a piques de estrenar a buceta, construída polos carpinteiros de ribeira "Hermanos Abeijón" do Freixo (Muros), asteleiro fundado no 1880. Hoxe en día, neste asteleiro, adícanse á construción de barcos grandes para pesca e bateas, pero non deixan a tradipción familiar da construción dos pequenos barcos artesanáis.



"A Fanequeira" en fase de construcción

A roda, quilla e cuadernas desta buceta son de roble, as regalas e cubierta de elondo, vai banceada en madeira de pino país e os baos son de eucalipto. Leva 7 remadouras (seis remeiros e patrón)

DATOS TÉCNICOS

Nome	A FANEQUEIRA
Eslora	6,00m
Manga	2,00m
Puntal de trazado	0,60m
Vela latina	18m ²
Mastro de pino país	4,20m

DATOS TÉCNICOS

Nome	"Nueva Sofía"
Eslora	13,65m
Manga	4,45m
Puntal	1,50m
Desplazamento	18-TRB
Motor	Barreiros 94 cv
Velamen	110m ²





Construcción dun dos Galeóns no Asteleiro de Garrido

FOTO: Rosa G.

OS GALEÓNS XEMELGOS

Volven a construirse os galeóns na Ría da Arousa despois de ter resistido ata os anos 60. A primeira inscripción coñecida desta embarcación data do ano 1834 en Vilagarcía, máis existe dende a segunda metade do século XVIII. Hoxe sobreviven facendo de bateiros ou dragando a área dos baios das rías.




FOTO: Rosa G.

Garrido traballando na construcción dunha cuaderna

No Grove, no asteleiro de Pepe Garrido estanse a armar dous galeóns similares (de ahí que lles estén a chamar xemelgos), segundo o tipo máis común na ría, de 13 a 14 metros de eslora. Os planos de formas e follas de escantillónado foron deseñados polo enxeñeiro Iñigo Echenique, a partir dunha maqueta do casco feita por Garrido. O puntal de 1,61 metros fai estes galeóns máis picados, máis preto dos que saían a pescar en mar aberto que dos que cabotaban dentro da ría. O forro e a cuberta serán de pino, as cuadernas de carballeiro, e madeira africana de iroco para o trancanil e tapa regala.

Arbolarase de balandro, un mastro con cangrexa máis foque e trinquete. Terán mamparos estancos a proa e popa, a adega axeitaráse cunha caseta baixa, o xusto para estar de pe e aloxar un comedor con bancos corridos e a cociña, ademais de habilitar o sollado de proa.

Escomenzáronse os traballos no mes de Decembro do 2001 para ser entregados ó armador en xuño deste ano. O seu destino é o Club Náutico de Sanxenxo.



Piano de perfil dos Galeóns

DATOS TÉCNICOS

Eslora.....	13,34m
Manga.....	4,10m
Puntal.....	1,61m
Desplazamiento.....	18,35 t.
Velamen.....	103m ²
Motor.....	Volvo 100cv.
Lastre.....	5 t.

O "RÍA DE FERROL"

Este verán poderemos mirar navegando o trincado Ría de Ferrol, que entre os anos 1949 e 1990 surcaba a ría adicándose ó transporte de aréa e pedra.

Sin ningún tipo de axuda económica e sen carpinteiro de ribeira, tres entusiastas sócios da seción de vela tradicional do Clube do Mar de Ferrol, escomenzaron en setembro do 1999 a recuperación deste barco que navegou a motor ata a súa xubilación.

Este vello trincado construído no ano 49 nos astelieiros Bedoya Picos (Pontedeume), Está a ser restaurado

sustituíndose as vellas cuadernas de pino por outras de acacia, a cuberta será de madeira de teka. Irá aparelado cun só mastro, vela cangrexa e dous foques.

Esperamos velo pronto no mar para darles a noraboa os osados propietarios polo seu grande empeño.




FOTO: Rosa G.

Restauración do Ría de Ferrol: vista de popa



FOTO: Rosa G.

Restauración do Ría de Ferrol: vista de proa

DATOS TÉCNICOS

Nome.....	"Ría de Ferrol"
Eslora.....	13m
Manga.....	4,30m
Motor.....	Barreiros 110cv

HIDRIA II: Un sonxo feito realidade

www.hidria.net



FOTO: Rosa G.

"Amor a un sonxo, constancia, moito traballo e tirar para diante" e o que nos amosan os armadores do HIDRIA II, Sesé Otero e Jacobo Costas, fundadores de Vapores do Atlántico, mesmo xabatos ou quixotes, parece que o tempo vai xogando o seu favor fronte Capitanía de Portos e a administración na teima de recuperar a súa embarcación, o último vapor que nos queda nas rías, "O Hidria II", un alxibe de auga (240 toneladas) que estivo a traballar en Vigo ata o ano 1991 gracias á calidade da auga (do manancial de Meira perto de Rande) que ofertaba, ainda que xa non había problemas de calado para os buques no porto de Vigo.

Armouse no ano 1963 cunha eslora de 30,50 m., máis curto co HIDRIA I, do cal herdou a súa máquina de vapor do 1901. Logo dunha primeira etapa para facer novos baos e cubierta, cabina e ponte de mando, restaurar máquina e caldeira de vapor, no que investiron 49 millóns de pesetas (15 subvencionados pola Consellería de Pesca), están á percura de 10 millóns máis para que o alxibe volva navegar.

Teñen acondicionada a embarcación para ofertar, a partir de maio, un museo flotante no peirao do Grove coas mesmas pezas do vapor, ademais dunha sala multiusos para exposicións, de contacontos e café concerto.

"Temos de facerlle unha visita!!"